



[Fotos] Trabalhadores/as rebentam circo eleitoral do PP em Ferrol, polícia responde com violência

DIARIO LIBERDADE :: 06/10/2012

[Gal/Cast] Trabajadores/as revientan circo electoral del PP en Ferrol, policía responde con violencia

Galego

A inauguración da campaña electoral do Partido Popular non foi posible en Ferrol, onde a plana maior da formación dereitista tivo que fechar-se nun hotel central custodiado por un grupo de policías de choque españois.

Nem sequer a violencia policial contra os traballadores e traballadoras concentradas permitiu realizar a intención do PP, que pretendía inaugurar a campaña electoral no Cantón de Molins da cidade de Ferrol, á meia-noite e con as cámaras da TVG, con o olhar posto en manter a súa maioría absoluta após o 21 de outubro.

A inauguración da campaña tivo que ser suspensa, debido a que centenas de traballadores e traballadoras do sector naval tranquês e de unha empresa de Narón en conflito laboral impedírono o espectáculo previsto. Sabendo que finalmente os dirixentes e militantes do PP estaban no interior do Hotel Almirante, unha concentración de operarios e operarias coreou palabras de ordem contra a traición do PP ao sector naval, nomeadamente despois de se saber que Núñez Fijó "vendeu" mediaticamente un inexistente contrato de construción de barcos para o México.

A iniciativa deu continuidade a outras ao longo da jornada, como a prolongada ocupación da Cámara Municipal por un grupo de sindicalistas, a queima simbólica dos Orzamentos do Estado español para denunciar a falta de apoio ao sector e a manifestación de centenas de persoas polo centro de Ferrol ás 20:30 horas.

No protesto diante do Hotel Almirante participou tamén o persoal de Poligal, empresa de plásticos que vive un conflito nestes días no concello de Narón pola ameaza de ERE contra 30 empregados de unha empresa de 160, reducións de jornada e congelamento de salários.

Com altas doses de cinismo, un dos dirixentes do PP presentes no frustrado ato electoral, Miguel Telhado (número 4 na lista da Coruña), atribuíu a concentración "a que lhes puguemos os liberados a traballar", en referencia á CIG, enquanto a policía espancava os traballadores e traballadoras e detinha un dirixente sindical ferido e a sangrar abundantemente na cabeza.

O dirixentes reaccionarios só puideron abandonar o hotel rodeados por policía españois. A concentración operaria foi entón para a esquadra policial, onde se reclamou a liberdade do compañeiro agredido e detido.

Castellano

La inauguración de la campaña electoral del Partido Popular no ha sido posible en Ferrol, en donde la plana mayor de la formación derechista tuvo que encerrarse en un hotel central custodiado por un grupo de policías de choque españoles.

Ni siquiera la violencia policial contra los trabajadores y trabajadoras concentradas permitió realizar la intención del PP, que pretendía inaugurar la campaña electoral en el Cantom de Molins de la ciudad de Ferrol, a media noche y con las cámaras de la TVG, con la mirada puesta en mantener su mayoría absoluta después del 21 de octubre.

La inauguración de la campaña tuvo que ser suspendida, debido a que cientos de trabajadores y trabajadoras del sector naval trasanqués y de una empresa de Narón en conflicto laboral impidieron el espectáculo previsto. Sabiendo que finalmente los dirigentes y militantes del PP estaban en el interior del Hotel Almirante, una concentración de obreros y obreras coreó consignas contra la traición del PP al sector naval, sobre todo después de saberse que Núñez Feijó “vendió” mediáticamente un inexistente contrato de construcción de barcos para Méjico.

La iniciativa continuó con otras acciones a lo largo de la jornada, como la prolongada ocupación de la Cámara Municipal por un grupo de sindicalistas, la quema simbólica de los presupuestos del Estado español para denunciar la falta de apoyo al sector y la manifestación de cientos de personas por el centro de Ferrol a las 20:30 horas.

En la protesta delante del Hotel Almirante participó también el personal de Poligal, empresa de plásticos que vive un conflicto en estos días en el Ayuntamiento de Narón por la amenaza de ERE contra 30 empleados de una empresa de 160, reducción de jornada y congelación de salarios.

Con altas dosis de cinismo, uno de los dirigentes del PP presentes en el frustrado acto electoral, Miguel Telhado (número 4 en la lista de A Corunha), atribuyó la concentración “a que les pusimos los liberados a trabajar”, en referencia a la CIG, mientras la policía agredía a los trabajadores y trabajadoras y detenía a un dirigente sindical al que hirió, sangrando abundantemente en la cabeza.

Los dirigentes reaccionarios sólo pudieron abandonar el hotel rodeados por policías españoles. La concentración obrera se dirigió entonces hasta la comisaría de policía, en donde se reclamó la libertad del compañero agredido y detenido.

<https://galiza.lahaine.org/fotos-trabalhadores-as-rebentam-circo-el>